

1. Líder BASKET



POR FORZA E ORGULLLO

O Estudiantes da Liga Galega cadete sacou o carácter de campión para volver á senda da vitoria pola porta grande trala derrota en Santiago. Os celestes venceron a un Basquet Coruña moi físico que se viu superado no Anexo

PONTE DA CONSTITUCIÓN

A próxima fin de semana fan parón todas as competicións do baloncesto base a excepción das Ligas Galegas júnior masculina e feminina. Polo que os conxuntos despedirán o 2018 na xornada do 16 e 15 de decembro



REPORTAXE

Campaña da RFGF co lema Faino por el@s

Os xogadores benxamíns saíron a todos os partidos desta fin de semana acompañados dun adulto a saudar aos árbitros e aos rivais

A XORNADA AO COMPLETO

Todos os partidos do basket base



DE PRIMEIRA E SEGUNDA DIVISIÓN

LIGA GALEGA JÚNIOR

Estudiantes viaxa a Santiago polo liderado en solitario

O xoves a partir das 10:00 veranse as caras Estudiantes e Peleteiro, nun duelo que mide aos dous únicos invictos da Liga



Santiago, próxima parada

O DUELO DE INVICTOS entre Peleteiro e Estudiantes será o xoves ás 10:00 horas



Janusevicius foi o máximo anotador neste encontro



Cabezudo baixo o aro nunha xogada de ataque

90		54	
ESTUDIANTES		B. FERROL	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Janusevicius	23	Otero	
Mark	20	Peña E.	
Iago	12	Rey	
Diego	8	Merino	
Iván	6	Varela	
Ollolqui	8	Peña A.	
Jorge	13	Pernas	
Alberto		Valiño	
		Aguirre	
		Castro	
		Rodríguez	

“Contento con el trabajo de todos los jugadores ante un rival muy físico”

MARCOS LÓPEZ Estudiantes

Estudiantes mantén a súa folia de ruta impoluta na Liga Galega junior masculina, competición na que na próxima xornada coñecerase o líder en solitario, xa que o xoves en Santiago midense Peleteiro e Estudiantes, os dous únicos equipos invictos ata a data.

Luis, Lucas e Trabado foron baixa por lesión ante Basket Ferrol, pero Marcos

0

DERROTAS dos dous principais favoritos ao título de Liga xunto con Rosalia. Do duelo entre Peleteiro e Estudiantes do próximo xoves en Santiago, sairá o líder en solitario da Liga Galega

3

XOGADORES entre algodóns ten Marcos López para o trascendental encontro do xoves, Luis e Trabado cunha escordadura e Lucas con problemas no xemelgo serán dúbida ata última hora

López espera telos a punto o vindeiro xoves.

Antes de centrarse neste partido, Estudiantes recibiu a un Basket Ferrol moi físico, pero que se viu superado polo equilibrio celeste no xogo interior e exterior, malia as ausencias no perímetro. Estudiantes sempre tivo o control do partido e aos poucos iniciou a conta atrás para centrarse só en Peleteiro.



O celeste Ollolqui a piques de superar un bloqueio



Diego correndo unha acción de contraataque

Estudiantes gaña en confianza

TRALO DISCRETO PARTIDO EN OURENSE asinaron un gran triunfo

82		30	
ESTUDIANTES		E. PONTEVEDRA	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Ana		Requeira	
Zeltia		Pimentel	
Eva		García	
Maria		Cantera	
Adriana		Fontal	
Alba		Iglesias	
Sabela		Fentanes	
Yashina		Brea	
Candela		Jiménez	
Alexia			

Estudiantes plasmou sobre a pista ante Pontevedra os adestramentos de calidade que realizaron as de Fernán Varela ao longo da semana, dando carpetazo ás regulares sensacións que deixara o equipo a pasada xornada en Ourense ante Bosco.

As celestes fixeron o seu partido á marxe do marcador, que se rompeu desde o inicio e que chegou con 40-10 ao descanso. Na segunda parte Estudiantes mantivo un gran acerto no tiro e soubo ler ben a defensa zonal de Pontevedra para gañar en sensacións crendo no traballo que están realizando pola semana.

“Muy contento con la ejecución de todo lo que queríamos hacer, debemos recordar que podemos hacerlo así siempre. Enhorabuena”

FERNÁN VARELA Estudiantes



A estudiantil Candela cara a pintura no Anepx



Sabela baixo o aro entre dúas xogadoras rivais

Proba de madurez superada no Anexo

O ENSINO, que foi superior, tivo que sentenciar o partido no treito final

70		57	
ENSINO		MARISTAS	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Marina	18	Galán	
Maite	7	Couto	
Carmen	31	Fernández	
Leboreiro	6	Gorostizu	
Natalia	2	García	
Natalia G.	4	Catoira	
Alejandra		Couce	
Nuria	2	López	
		Carro	
		Rodríguez	
		Galán	

O Durán Maquinaria Ensino sumou unha nova vitoria na Liga Galega junior feminina. Un triunfo esperado, pero que ten máis valor da forma como se conseguiu, sentenciándoo nos minutos finais nos que Maristas ameazou seriamente con remontar o encontro.

Ata entón o conxunto de Miguel López empezara con moita intensidade en defensa, conseguindo tiros liberados en ataque e dominando o rebote, de aí ao 25-18 do primeiro parcial.

No segundo, as porcentaxes de acerto no tiro foron máis baixas malia xerar boas opcións de novo.



Leboreiro a punto de anotar dos puntos

“Partido de altibajos en el que supimos mantener la calma en los momentos finales para conseguir la victoria final”

MIGUEL LÓPEZ Durán Maquinaria Ensino

Pese a iso o segundo parcial tamén foi para Ensino, 14-12 chegándose ao descanso con 39-30 no marcador.

Tralo descanso Miguel López suscitou un cambio defensivo co que o Ensino propiciou un apagón en Maristas, que tan só anotou 10 puntos nestes dez

minutos, mentres que a diferenza foise ata os 15 de cara ao último parcial.

Ensino tivo un exceso de relaxación e Maristas recortou distancias ata poñerse a tan só seis puntos. No o momento da verdade, as lucenses mantiveron a calma ou certificaron a vitoria no Anexo.

O Ensino ascende ao liderado da Liga Galega

GRAN SPRINT

FINAL en Santiago para impoñerse na prórroga a Peleteiro

47	55
PELETEIRO	ENSINO
Xogador	Xogador
Leza	Maite
Sanmartín	Sabela
Moure	Nerea
Martínez	Marta
Riquieiro	Nuria
Suárez	Natalia
Cabanas	Lucía
Rodríguez	Mencia
Pardo	
Abalo	
Alvarez	
Oreiro	

“Cuando lo dejamos todo por un objetivo, todo es más fácil”

ADRIÁN GONZÁLEZ Ensino

O Cafés Candeas Ensino ascendeu ata o máis alto da clasificación no Grupo Norte da Liga Galega cadete feminina tras impoñerse a Peleteiro nun vibrante encontro en Santiago de Compostela, no que o conxunto de Adrián González chegou máis enteiro ao tramo final, forzou a prórroga e nela puxo rumbo fixo cara a vitoria final.

De inicio o Ensino empezou ben, anotando con fluidez, pero co paso dos minutos as perdas de balón foron minando ás lucenses, que cederon no primeiro parcial por 14-9. No segundo reinou a igualdade sobre a pista tras subir o listón de intensidade defensivo as lucenses, 11-10 para chegar ao descanso con 25-19 no marcador.

Ao comezo da segunda parte o Ensino continuou cunha boa defensa, pero custáballe moito anotar para recortar distancias no marcador, polo que cun terceiro parcial de 9-10 chegou aos últimos cinco minutos con máis cinco para as compostelás.

Desde a defensa o Ensino continuou crecendo e forzou a prórroga cun último parcial de 10-15. No tempo extra o Cafés Candelas Ensino soltouse a melenas, continuou cun gran traballo defensivo e en ataque viu aro con facilidade, dominando ambas pinturas para asaltar o liderado, compartido con BBKA á espera do que faga Instituto Rosalía no partido que ten aprazado, cun parcial de 3-11 na prórroga.

Gran reacción celeste tralo primeiro revés

ESTUDIANTES IMPÚXOSE con autoridade a un Basquet Coruña moito máis físico, dando carpetazo á derrota da pasada xornada ante Obradoiro en Santiago

81	57
ESTUDIANTES	B. CORUÑA
Xogador	Xogador
Sergio	4
Eloy	5
Jorge	6
Anxo	8
Garabito	6
Álvaro	13
Oloqui	15
Dani	10
Antón	4
Durán	
Pedro	9
Jaime	



Álvaro a punto de lanzar a aro pasado



Pedro buscando a mellor opción de pase

Estudiantes reaccionou da mellor forma posible a unha derrota, volvendo á senda da vitoria con autoridade no seguinte encontro.

Os de Javi Peinó recibiron a un Basquet Coruña no Anexo moi físico, superando aos celestes en centímetros, pero Estudiantes cando moveu rápido o balón en ataque, despegou no marcador.

Na posta en escena xa se viu que os lucenses tiñan ganas de competir tras quedarse ás portas da vitoria en Santiago ante Obradoiro a pasada xornada, e cun parcial inicial de 12-2 obrigaron ao adestrador herculino a pedir un tempo morto para cortar a sangría.

O primeiro parcial finalizou con

“Tenemos que seguir mejorando aspectos del juego” JAVI PEINÓ Estudiantes

16-7 e ao comezo do segundo Basquet Coruña achegouse aínda máis no marcador, pero no tramo final da primeira parte Estudiantes volveu pisar o acelerador cunha boa circulación de balón para chegar ao descanso con 39-23 no marcador.

A distancia no electrónico propiciou un exceso de relaxación ao comezo da segunda parte na que Estudiantes

foi máis individual en ataque e concedeu demasiado en defensa, encaixando 22 puntos no terceiro cuarto, practicamente os mesmos que en toda a primeira parte.

Con todo, antes de que Basquet Coruña soñase con poder meterse na loita polo partido, os de Javi Peinó recuperaron o xogo alegre e de pases en ataque á vez que a defensa

subiu un punto de intensidade para terminar impoñéndose con autoridade tras un último parcial de 26-12 que deixou o marcador final en 81-57.

Estudiantes descansa a próxima fin de semana, pero tralo parón despedirá o 2018 ante Instituto Rosalía nun duelo directo no alto da clasificación da Liga Galega cadete masculina.



A celeste Candela coa pelota entre Alejandra e Marta



Claudia facendo unha bandexa ante a oposición rival

Estudiantes secou a Maristas na primeira parte

59	42
ESTUDIANTES	MARISTAS
Xogador	Xogador
Irene	Leis
Candela	7
Yashina	20
Marta F.	6
Claudia	13
Cristina	2
Alejandra	Andrade
Carla	11
Marta R.	Alonso
	Patino
	Catoira
	Núñez
	López- Kella

“El trabajo defensivo en la primera parte nos permitió controlar el partido en la segunda”

SISE PEINÓ Estudiantes Lugo

levaron o marcador ata o 33-14 co que se chegou ao descanso.

Na segunda parte esperaba a reacción visitante e esta chegou cun parcial inicial de 0-10. Estudiantes apelou á calma e cun parcial a favor de 7-3 botou por terra as opcións de remontada de Maristas no Anexo.

No último cuarto Estudiantes limitouse a controlar o partido desde a defensa ata que Maristas tirou por completo a toalla ao verse superado nesta ocasión por unha boa versión celeste.

Estudiantes impúxose nun duelo directo por entrar no corte dos catro primeiros equipos a Maristas Coruña, nun partido marcado polo alto listón defensivo que impuxeron as lucenses ao longo de toda a primeira parte, na que deixaron ás herculinas en tan só 14 puntos.

Estudiantes pechou o rebote e non concedeu transicións rápidas de Maristas, mentres que en ataque tiveron un goteo continuo de anotación co que



O burelao Marcos coa pelota seguido por Brais



Luis coa pelota na pintura ante Diego e Brais



Álvaro mira o aro tras superar ao celeste Manu



O estudantil Fábio trata de roubarlle a pelota a Carlos

Gañou Estudiantes e o basket provincial

OS CAPITALINOS asinaron a vitoria no terceiro parcial, 28-13. Na outra media hora viuse un derbi espectacular

11

OS XOGADORES CELESTES volveron a aportar en todas as facetas do xogo e conseguiron manter un ritmo constante moi complicado de seguir nesta competición

2

LESIONADOS NO BURELA Diego e Joaquín mermaron as opcións dos de Manolo Cobas ao sufrir perances físicos ao longo do encontro disputado no Anexo

65		54	
ESTUDIANTES		CB BURELA	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Ales		Carlos	14
Cristian		Diego	
Maneiro		Antón	17
Manu M.		Marcos	9
Gabi		Joaquín	2
Joel		Luis	4
Brais		Álvaro	
Ruano		Daniel	2
Oscar		Raúl	
Fabio		Álvaro	6
Diego S.			

Estudiantes impúxose no derbi provincial da Liga Galega infantil masculina. Os de Ángel Riobóo volveron ter na súa profundidade de banquillo a súa mellor arma ante un gran Burela que vendeu moi cara derrota, pero que foi castigado no terceiro cuarto cun parcial que desnivelou o encontro por completo, 28-13.

“Vamos a finalizar la primera vuelta con los deberes hechos deportivamente hablando y con buenas sensaciones en el día a día” **ÁNGEL RIOBÓO** Estudiantes Lugo

“Un mal tercer cuarto condicionó el resultado final en este encuentro” **MANOLO COBAS** Academia A Mariña Burela



Álvaro Ben facendo unha entrada seguido de Ales

+9

ÚLTIMO PARCIAL Estudiantes chegou aos últimos dez minutos con vantaxe no marcador e tivo varias opcións para sentenciar o encontro, pero Vilagarcía, cunha pizca de fortuna, desnivelou o marcador ao seu favor nos últimos instantes

foi gañando protagonismo, pero as celestes chegaron aos últimos dez minutos con máis 9 no marcador, unha renda que foi insuficiente pese a que tiveron varias ocasións para sentenciar un partido no que todo se decidiu nos últimos instantes.

Estudiantes despedirá o 2018 dentro de dúas semanas, tralo parón da próxima fin de semana ante Maristas na Coruña.

Cruel desenlace final no Anexo

ESTUDIANTES tivo a iniciativa no xogo e no marcador ata o tramo final

68		71	
ESTUDIANTES		VILAGARCÍA	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Candela		Barcia	
Maria		Gutierrez	
Iria		Millán	
Nerea		González	
Naiara		Torre	
Lucía		Andrés	
Laura Mesa		Pérez	
Carolina		Juequen	
Sara		Fontela	
Marta		Otero	
Celia			
Laura Marín			

Cruel desenlace final para Estudiantes no partido que lle mediou con Vilagarcía no Anexo, onde se puido ver un partido de altos voos entre dous grandes equipos que competiron de poder a poder ata o

“Nos sobró el último cuarto del encuentro” **JULIA PENA** Estudiantes Lugo

último segundo. Nesta ocasión a moeda caeu para o lado visitante. Un desenlace final ao que Vilagarcía chegou mellor fisicamente, nun partido decidido por pequenos detalles.

Nos primeiros dez minutos os dous equipos tenteáronse, sen un dominador claro e con ambos escondendo un as debaixo da manga, 14-16 de saída que remontou Estudiantes con auto-ridade, nun segundo cuarto no que as de Julia Pena xogaron un gran

baloncesto. Dominaron o rebote, correron e anotaron en rápidas transicións á vez que foron xenerosas e solidarias en defensa. Todo iso viuse reflectido no marcador cun segundo parcial de 22-12 que deixaba o marcador en 36-28 ao descanso.

Estudiantes empezou a segunda parte coas mesmas sensacións que terminou a primeira, pero tivo un exceso de precipitacións ao querer pechar o partido canto antes. Aos poucos o cansazo



A celeste Laura Martín nunha acción de ataque



Candela a piques de finalizar un contraataque

Notable no primeiro test serio da tempada

O LIDERADO EN SOLITARIO EN XOGO NA PRÓXIMA XORNADA para as de Gemma Souto, que se miden en Ferrol a BBKA, tamén invicto ata agora

62		52	
ESTUDIANTES		CLB	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Laura		Mariño	
Maria Álvarez		Falcón	
Ana		Suárez	
Maria Castro		Álvarez	
Paula Álvarez		López	
Aroa		Noua	
Daniela		Dominguez	
Paula López		Rodríguez	
Alma		Lago	
Sara		Paz P	
Daniela		Paz C.	

Estudiantes aprobou con nota alta o seu primeiro test esixente da tempada na Liga Galega preinfantil feminina tras impoñerse a CLB nun partido no que o único lunar foron as lesións de Sara e Daniela, aínda que parece que as dúas xogadoras poden chegar recuperadas á próxima xornada na que o conxunto de Gemma Souto xógase o liderado en solitario en Ferrol, ante o outro equipo que queda sen coñecer a derrota neste inicio de tempada.

Estudiantes esperaba un rival duro e atopouno no Anexo. O primeiro equipo que lle xogou de ti a ti ás celestes esta tempada deixou claro desde os primeiros minutos que sería com-



A estudiantil Aroa nunha xogada de ataque



Sara mira o aro entre dúas xogadoras rivais

“Ha sido un gran encuentro. Podemos estar muy contentas de nuestro esfuerzo. Esperamos que tanto Sara como Daniela estén recuperadas para el próximo partido. Ánimo a las dos de parte de todo el equipo” **GEMMA SOUTO** Estudiantes Lugo

petitivo, pese a iso, as lucenses tomaron o mando no marcador cun primeiro parcial de 18-11.

A igualdade mantívose ata o descanso, esixindo CLB por momentos o mellor de si mesmas ás locais, que tamén se impuxeron no segundo parcial, 16-15, para chegar ao descanso con 34-26 no marcador.

Na segunda parte esperábase que o ritmo baixase un pouco, pero iso non sucedeu. Os dous equipos exprimíronse ao máximo malia que co paso dos minutos aparecía o lóxico cansazo físico. O terceiro parcial terminou con empate, 14-14 pero Estudiantes chegou aos últimos dez minutos con máis

8 no electrónico.

O dominio no rebote, especialmente no apartado ofensivo e a intensidade celeste, puxo fin á resistencia de CLB cun último parcial de 14-12 co que Estudiantes mantén a súa folla de ruta impoluta antes de visitar a BBKA nun duelo no que estará en xogo o liderado en solitario.



Serguei, que se foi ata os 39 puntos, ante a mirada de Pi



O celeste Antón nun lance do xogo na pista do Anexo

Estudiantes volveu á senda da vitoria pola porta grande

72	62		
ESTUDIANTES	MONTROVE		
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Brais	10	Barbeito	
Santi		Baleato	
Isma	5	Vilarino	
Pi	4	Boo	
Dani		Barbeito	
Leo	4	Fernández	
Bernal		González	
Rozas	8	Gómez	
Serguei	39	Calvo	
Antón	2	González A.	
Mario			

Estudiantes reaccionou da mellor forma posible á derrota da pasada xornada en Culleredo. Os de Nico Fernández encaron o partido con moitas ganas, e tras uns primeiros minutos de tenteo e intercambio de canastras tomaron o mando do xogo e no marcador grazas á calidade das súas rotacións para chegar con vantaxe ao descanso, 29-27.

Estudiantes púxose o mono de traballo en defensa na segunda parte, dominou o

“Gran trabajo de todo el equipo en defensa. Enhorabuena a los chicos por esta nueva victoria”

NICO FERNÁNDEZ Estudiantes Lugo

rebote e correu en rápidas transicións para anotar cómodo, chegando a dispoñer no terceiro cuarto de vantaxes de 15 puntos que se quedaron en 12 de cara aos últimos dez minutos.

Montrove, que aínda non dixerá a última palabra, reaccionou ao comezo do último parcial imprimindo dureza ao seu xogo, pero Estudiantes non se amedrentou e coa solven- cia defensiva por bandeira e a aportación de Serguei en ataque, conseguiu volver á senda da vitoria pola porta grande na Liga Galega preinfantil.

Maristas cóllelle o gusto á zonal noble

A UN ENCONTRO do remate da primeira volta, os colexiais colideran a clasificación

37	75		
B. FERROL	MARISTAS		
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Taboada		Mauro	4
Lage		Néstor	13
Blanco		Samuel N.	
Méndez		David	5
Lameiro		Samuel V.	2
Toimil		Gabriel R.	8
Cuina		Alexis	2
Romero		Julián	39
André		Gabriel F.	2
Miramontes			

“Seguimos progresando colectivamente y compitiendo al máximo”

RUBÉN ENGRUBA Maristas

Maristas segue en estado de graza. Os de Rubén Engroba volveron gañar na Liga Galega preinfantil, na que suman cinco vitorias e tan só unha derrota nas seis primeiras xornadas, a unha tan só de terminar a primeira volta na que os colexiais se manteñen no máis alto da clasificación empatados con Culleredo e Narón.

Ante Basket Ferrol o encontro estaba condicionado de inicio por un xogador, o ferrolán André, que co seu 1,85 de estatura e a súa condición de xogador de Selección Española acaparaba a atención. Con todo, el e o seu equipo foron engullidos por Maristas.

Os lucenses tomaron o mando no primeiro parcial, 9-14, e xa non o soltaron. No segundo parcial, cando André foi ao banco a descansar, Maristas puxo rumbo fixo cara á vitoria da man de Julián, que demostrou ser o mellor xogador sobre a pista ata coincidindo cun xogador internacional.

Ao descanso o marcador era de 18-30, pero o mellor aínda estaba por chegar na segunda parte. Maristas varreu da pista a Basket Ferrol, algo que nin os tempos mortos solicitados polo adestrador local puido frear.

12-20 no terceiro parcial e 7-25 no segundo para un total de 19-45 na segunda parte demostra o estado de graza e de forma polo que atravesara Maristas, que lonxe de ser un soño o clasificarse entre os catro primeiros empeza a ser unha realidade de cara á segunda volta.

Estudiantes medra en grupo

O CONXUNTO DIRIXIDO POR ZAIDA IGLESIAS aséntase no podio da competición



O estudiantil Eloy en labores defensivos

77		54	
ESTUDIANTES		BBCA	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Rubén		Cotovad	
Eloy		Lobo	
Mesfin		Montaos	
Pablo		Pena	
Martin		Reu M.	
Manuel G.		Reu A.	
Manuel V.		Gómez	
Samuel		Villadonga	
Antonio		Brage	
		Pulpeiro	

“Estoy contenta con el trabajo realizado por todos los jugadores en este encuentro”

3

POSTO da Liga Galega minibasket masculina para o Estudiantes, que conta con catro vitorias e dúas derrotas nas seis xornadas disputadas. Os celestes descansan na próxima xornada pero despedirán o 2018 no segundo derbi da tempada ante Maristas

ZAIDA IGLESIAS Estudiantes



Samu Neira correndo unha acción de contraataque



Pablo, Samu e Manu rodeando a un xogador ferrolán

Terceira vitoria consecutiva para o Estudiantes na Liga Galega minibasket masculina, competición na que o conxunto que dirixe Zaida Iglesias instálase no podio de cheo.

Ante BBKA os celestes tiraron de solvencia no seu xogo e foron superiores ao longo dos corenta minutos. O 10-7 do primeiro cuarto e o 13-10 do segundo levaron o marcador ata o 23-17 ao descanso.

BBKA non se deu por vencido en ningún

momento, pero os visitantes non puideron recortar distancias na segunda parte xa que todas as rotacións de Estudiantes mantiveron o listón de esixencia moi alto ao longo dos corenta minutos.

Na segunda parte Estudiantes volveuse a impoñer nos dous parciais, 14-10 e 14-13, para deixar o marcador final en 77-54.

Tralo parón da próxima xornada os celestes despedirán o 2018 ante Maristas nun novo derbi.



O celeste Manu baixo o aro a piques de lanzar

Outro partido dos que crean afección

NA PRIMEIRA VOLTA Estudiantes e BBKA xa foran ao tempo extra

57		62	
BBKA		ESTUDIANTES	
Xogadora	Pts.	Xogadora	Pts.
Pérez		Carlota	
Gómez		Nerea	
Baena		Lucía	
Castro		Marina	
Brañas		Laura	
González		Eva	
Carvajal		Valle	
Baldomero		Daniela	
Porto		Alma	
Vigo		Henar	
		Paula	

Os duelos entre Estudiantes e BBKA están marcando tendencia esta tempada. No partido de ida disputado no Anexo as lucenses impuxéronse na prórroga e neste primeiro da segunda volta, pese a non ter que ir ao tempo extra, o encontro foi unha oda ao baloncesto.

O intercambio de mandos no xogo e no marcador foi continuo ata chegar ao desenlace final con empate no marcador no ecuador do último cuarto. A partir de aí, accións de moito mérito con intercambio tamén de tripos por parte de ambos equipos nas dúas últimas canastras dun espectacular encontro.

“Muy contento de cómo respondimos y cómo gestionamos este partido. Enhorabuena a todas las chicas y a seguir así”

FERNÁN Estudiantes



A celeste Laura Alonso nunha xogada de ataque



Henar a piques de finalizar un contraataque

Loita desigual do Ribadeo en Ferrol

O LÍDER INVICTO DA COMPETICIÓN desnivelou moi cedo o marcador

55		4	
B. FERROL		RIBADEO	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Bellón		Mauro	
Barreiro		Nacho	
Lata		Héctor	
Toimil		Andrés	
Miramontes		Iván	
Cervadas		Diego	
Gómez		Carlos	
Rodríguez		Zoe	
Romero		Alex	
		Hugo	

O Ria de Ribadeo afrontou a saída máis complicada da tempada, a que citaba aos de Sama en Ferrol co líder invicto da competición e un dos principais aspirantes ao título de Liga. Un Basket Ferrol con xogadores moi físicos e de segundo ano que si teñen o seu día son moi difícil de parar.

Ademais, os mariñaos entraron un pouco fríos ao encontro, e iso unido ao potencial ferrolán desencadeou en dous primeiros parciais moi desiguais nos que Basket Ferrol asinou un 29-2 e 24-2 para pechar o marcador antes do descanso.



Sama e Iker dando instrucións aos seus xogadores

“A pesar de la diferencia que indica el marcador el equipo dio la cara y no bajó los brazos en ningún momento”

SAMA Ria de Ribadeo

Unha vez pechado o electrónico Ribadeo soltouse máis e ata competiu durante moitas fases, demostrando unha gran deportividade en todos

os seus xogadores, igual que nos locais, quedando á marxe a actitude arbitral, que asubiu o encontro andando pola pista e cunha gran desgana.

Máis luces que sombras

MARISTAS tivo grandes minutos durante o encontro ante o subcampión galego

102		62	
NARÓN		MARISTAS	
Xogador	Pts.	Xogador	Pts.
Díaz		Nadia	
Cumbrão		Maria C.	
Botana		Pablo	
Couce		Alfonso	
Coira		Jorge	
Meizoso		Maria M.	
López		Carlos	
Fernández		Javi	
Freire		Néstor	
Carro		Gael	



Os colexiais Maria, Nadia, Jorge, Néstor e David

Maristas superou con nota a visita á cancha do Narón, subcampión galego a temporada pasada, con bos minutos sobre a cancha liderados por Néstor, que chegou aos 40 puntos.

Nos dous primeiros períodos, cos quintos titulares na pista, os lucenses xogaron de ti a ti aos locais con parciais de 12-12, no primeiro sexto, e

“Seguimos progresando con grandes fases de partido”

ÓSCAR ENGROBA Maristas

15-11 no segundo.

No terceiro período os lucenses cometeron varios erros que lles custaron varias canastas fáciles e as primeiras vantaxes significativas para Narón, 19-2, antes de chegar ao descanso.

Tras o paso polos vestuarios os de Óscar Engroba volveron ter bos minutos, pero co avance do partido non puideron evitar que os locais se fosen no marcador ata o último período cando, de novo, volveu o equilibrio.

Burela gañou o duelo polo liderado

CONTRA CIDADE EN MINIBASKET FEMININO. En Preminibasket, Burela e María Auxiliadora reivindicáronse ante equipos invictos

Alas de Mariposa CB Burela instálase no liderado da liga de Minibasket feminino tras impoñerse ao Cidade de Lugo: partido entre equipos invictos no que as da Mariña levaron a iniciativa.

Foi o encontro máis disputado dunha xornada na que Franciscanos, Martínez Dental CB Sarria e Galén Ensino superaron con claridade aos seus rivais.

Na liga masculina CB Celtas e Cidade de Lugo suman catro de catro na cima da clasificación. Sobe ao podio Estudiantes, que volveu á senda da vitoria e supera na clasificación ao seu rival, Cristo Galicia CB Sarria. CB Viveiro e María Auxiliadora completan a nómina de vitoria da cuarta xornada.

Preminibasket

Nas competicións masculinas, CB Burela Camiña Eu Son cortou a xeira de

Oribio CB Sarria, que chegaba a Vista Alegre invicto, nun partido moi igualado que se resolveu por tres puntos de diferenza. Tamén gañaron Estudiantes Rojo e Galén Ensino.

O único equipo que pode presumir de imbatibilidade é Estudiantes, que se impuxo con autoridade no choque con Maristas. No mesmo grupo, primeira celebración para Galén Ensino, que venceu ao CB Viveiro.

Na liga feminina, María Auxiliadora anotouse o derbi colexial ante Franciscanos, que tamén chegaba ao encontro invicto. Cinco puntos marcaron a diferenza no partido que disputaron o pasado domingo.

A xornada completouse con triunfos de Ensino – nun partido moi axustado en Viveiro–, Afan Burela –o primeiro da liga–, e Adrián Salgado CB Sarria, lider en solitario.



Minibasket Masculino Cidade Lugo – Estudiantes Rojo



Preminibasket Masculino Galén Ensino – Est. Blanco



Minibasket Masculino Cidade Lugo – Estudiantes Rojo



Minibasket Masculino Cidade Lugo – Estudiantes Rojo



Preminibasket Masculino Galén Ensino – Est. Blanco



Preminibasket Masculino Oribio Construcciones CB Sarria | CB Sarria



Preminibasket Masculino Galén Ensino – Est. Blanco

JÚNIOR 1º DIV. MASCULINO

RESULTADOS					
Obradoiro – Bosco	68-67				
Estudiantes – B. Ferrol	90-54				
Seis Nadal – PBB A	49-52				
Rosalía – C. Ourense	91-67				
Blanco Amor – B. Coruña	77-67				
Tui – Sigaltec	68-75				

CLASIFICACIONES						
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ESTUDIANTES	8	8	0	0	771	475
OBRAIDROIRO	8	8	0	0	647	391
ROSALIA	7	6	1	0	567	487
PBB A	8	5	3	0	451	524
CLUB OURENSE	8	4	4	0	502	531
BASKET FERROL	8	4	4	0	547	525
SIGALTEC	8	3	5	0	489	584
SEIS DO NADAL	8	3	5	0	487	569
BOSCO	8	2	6	0	484	497
BLANCO AMOR	7	1	6	0	444	538
B. CORUÑA	8	0	8	0	450	659
TUI SETA	6	2	4	0	399	458

PRÓXIMA XORNADA

Blanco Amor – C. Ourense	PBB A – Tui
Obradoiro – Estudiantes	Bosco – Sigaltec
B. Coruña – Seis Nadal	B. Ferrol – Rosalía

CADETE 1º DIV. MASC. NORTE

RESULTADOS					
Rosalía – Obradoiro	57-69				
Culleredo – B. Ferrol	72-45				
Estudiantes – B. Coruña	81-57				
Narón – Carballo	55-49				

CLASIFICACIONES						
Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
OBRAIDROIRO	7	7	0	0	565	337
ESTUDIANTES	7	6	1	0	641	398
ROSALIA DE CASTRO	7	5	2	0	612	404
